



INSTITUTO GALEGO DE  
ESTADÍSTICA

# ANÁLISE DAS PROXECCÍONS DE POBOACIÓN EN GALICIA

Febreiro de 2018

Instituto Galego de Estatística  
Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>  
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAX: 981.54.13.23  
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

## Contido

<b>1. Introducción</b> .....	<b>3</b>
<b>2. Proxeccións de poboación en Galicia</b> .....	<b>3</b>
2.1 Proxeccións de poboación no curto prazo do IGE.....	4
2.1.1 Proxeccións de poboación 2011-2021 e 2012-2022 .....	5
2.1.2 Proxeccións de poboación 2013-2023 e 2014-2024 .....	5
2.1.3 Proxeccións de poboación 2016-2031.....	6
<b>3. Escenarios alternativos á proxección 2016-2031</b> .....	<b>9</b>
3.1 Escenarios que modifican a fecundidade .....	10
3.2 Escenarios que modifican as migracións .....	12
3.3 Escenarios combinados .....	14
<b>4. Conclusións</b> .....	<b>16</b>
<b>5. Fontes estatísticas</b> .....	<b>16</b>

## 1. Introducción


A demografía permite establecer hipóteses sobre como será a evolución da poboación no futuro a partir de variables que, en xeral, presentan un comportamento predicible e das que se ten información cada vez máis abundante e precisa.

Moitas oficinas de estatística elaboran proxeccións de poboación, que son exercicios matemáticos de simulación a partir de escenarios ou hipóteses sobre os principais fenómenos demográficos –fecundidade, mortalidade e movementos migratorios- e proporcionan a cifra de poboación que se obtería nos distintos ámbitos xeográficos no caso de que se manteñan as condicións demográficas de partida.

O presente documento ten como obxectivo establecer escenarios alternativos ás proxeccións difundidas polo Instituto Galego de Estatística (IGE) ata o momento actual, as denominadas Proxeccións de poboación a curto prazo 2016-2031, ademais de dar cumprimento á Actividade de interese estatístico AIE09 “Análise estatística da poboación e dos fogares”, incluída no Programa estatístico anual da Comunidade autónoma de Galicia para o ano 2017. Este documento inclúe, en primeiro lugar, un resumo das distintas proxeccións de poboación existentes en Galicia nos últimos anos, logo establece escenarios alternativos ás proxeccións difundidas actualmente e, finalmente, presenta os resultados obtidos.

## 2. Proxeccións de poboación en Galicia

O IGE elaborou en 2004 unhas proxeccións de poboación baseadas nas cifras do Censo de poboación do Instituto Nacional de Estadística (INE) de 2001 que proporcionaron tres posibles escenarios de evolución da poboación de Galicia nos seguintes cincuenta anos. A hipótese central, a que proporcionaba o chamado “escenario medio”, foi a que máis se aproximou á realidade nos primeiros anos da proxección; esta hipótese estimaba unha recuperación da taxa de fecundidade ao nivel de 1,50 fillos por muller no ano 2050.



Chegando ao ano 2011, coa perspectiva da nova información que proporcionaría o Censo de poboación de 2011, a análise das cifras proxectadas nese escenario medio revelou que, aínda que no total de poboación non había demasiadas diferenzas, si que as había na estrutura da poboación. A fecundidade media observada do período 2005-2010 resultou lixeiramente inferior á que prevía o escenario medio das proxeccións e o saldo migratorio medio nese período resultou superior ao previsto nese escenario.

### Proxeccións de poboación de Galicia. 2002-2051

#### ISF - Número esperado fillos por muller

	Media 2005-2010
Escenario alto	1,20
Escenario medio	1,08
Escenario baixo	1,02
<b>Observado</b>	<b>1,06</b>

#### Saldo migratorio

	Media 2005-2010
Escenario alto	23.867
Escenario medio	13.718
Escenario baixo	3.747
<b>Observado</b>	<b>14.864</b>

Fonte: IGE, *Proxeccións de poboación. 2002-2051, Indicadores demográficos e Movementos migratorios*

Estes resultados mostraron que era necesario dispoñer de novas proxeccións de poboación para Galicia que reflectisen a estrutura poboacional galega que se estaba a recoller nos indicadores observados.

Ata ese momento, a elaboración de proxeccións de poboación partía habitualmente dos datos dos censos dispoñibles cada dez anos e, desde que se elaboraban unhas proxeccións de poboación, estas estaban viventes ata a seguinte década. A partir do ano 2008, o INE elabora proxeccións de poboación facendo unha desagregación territorial provincial con base nas cifras estatísticas de poboación do 1 de xaneiro de cada ano. Isto permite obter proxeccións con maior frecuencia e, ademais, incorporar a información demográfica máis recente no momento da súa elaboración. Nun primeiro momento o INE actualizaba as súas proxeccións de poboación cada ano, aínda que actualmente esta actualización ten carácter bienal.

No caso de Galicia, debido á necesidade de dispor de proxeccións nun ámbito territorial máis desagregado que as que proporciona o INE (que chegan ao nivel de provincia), e sabendo que elaborar unhas novas proxeccións de poboación con resultados “diferentes” ás que publica o INE aumentaría a confusión ao usuario das cifras, o IGE decidiu asumir as elaboradas polo INE (metodoloxía e resultados provinciais) e desagregalas territorialmente ata un punto que garanta un nivel de precisión suficiente. Tomouse a decisión de utilizar a comarca (agrupación de concellos) como unidade territorial nas denominadas Proxeccións de poboación no curto prazo, que se difunden a través da páxina web do IGE.

### 2.1 Proxeccións de poboación no curto prazo do IGE

Na data de elaboración deste informe o IGE leva difundidas na súa web cinco edicións das Proxeccións de poboación no curto prazo. As primeiras catro tiñan como horizonte da

proxección un período de dez anos (2011-2021, 2012-2022, 2013-2023 e 2014-2024), mentres que nas últimas (2016-2031) abranguen quince anos.

En todas estas edicións a metodoloxía foi similar: a evolución dos fenómenos demográficos básicos nos últimos anos constitúe a hipótese de evolución destes, polo que se obtén un único escenario de posible evolución das cifras poboacionais no horizonte de proxección.

O punto de arranque de todas elas son as cifras de poboación no eido comarcal correspondentes ao 1 de xaneiro do ano de partida, que proporciona a operación estatística do IGE Cifras poboacionais de referencia que, pola súa vez, son elaboradas a partir da cifra provincial de poboación que facilita o INE para o 1 de xaneiro de cada ano. A partir das cifras comarcais do IGE, e utilizando modelos matemáticos para fecundidade, mortalidade e migracións, construídos coa evolución observada recente destes fenómenos, calcúlanse as cifras de poboación comarcais para o 1 de xaneiro de cada ano e para todo o período da proxección.

Para que estas proxeccións sexan coherentes coas publicadas polo INE no ámbito provincial, faise un axuste das cifras obtidas no IGE por agregación das comarcas ás cifras provinciais do INE; así, non se engade confusión ao usuario das proxeccións, xa que se proporcionan cifras provinciais idénticas ás do INE e tamén información máis desagregada territorialmente.

### **2.1.1 Proxeccións de poboación 2011-2021 e 2012-2022**

Estas proxeccións foron publicadas na web do IGE os días 26 de decembro de 2011 e 27 de decembro de 2012, respectivamente. Tiveron como punto de partida as cifras de poboación dos anos 2010 e 2011 das denominadas naquel momento como Estimacións da poboación actual do INE, que á súa vez foran elaboradas a partir do Censo de poboación e vivendas do ano 2001.

Coa posterior obtención dos resultados do Censo de poboación e vivendas do ano 2011, modificouse o punto de partida para a obtención das cifras poboacionais na seguinte década coas denominadas *Cifras de poboación* e, ademais, corríronse as cifras anteriores. De feito, o INE recalculou as cifras poboacionais intercensuais para o período 2001-2011, e así a cifra de partida destas dúas proxeccións perde en certo grao a súa representatividade ao non poder medir convenientemente a diverxencia entre as cifras observadas de poboación posteriormente e as inicialmente previstas por estas proxeccións.


### **2.1.2 Proxeccións de poboación 2013-2023 e 2014-2024**

Nestas proxeccións, publicadas na web do IGE o 13 de decembro de 2013 e o 12 de decembro de 2014, respectivamente, a información de base procedía da operación Cifras de poboación do INE que, pola súa vez, tiña como punto de partida as cifras do Censo de poboación de 2011. É dicir, estas proxeccións ademais de incluír, como as anteriores, a información dos fenómenos

demográficos máis recente no momento da súa elaboración, utilizan a información engadida que proporciona un censo de poboación máis actualizado.


### 2.1.3 Proxeccións de poboación 2016-2031



Son as proxeccións de poboación actualmente viventes na web do IGE. Foron publicadas o 23 de decembro de 2016 e, debido á nova periodicidade que utiliza o INE, son as primeiras da serie que se publican de forma bienal.



Fonte: INE, *Cifras de poboación e Proyecciones de poboación 2016-2031*

Segundo os resultados destas proxeccións, Galicia perdería no período 2016-2031 unhas 230.000 persoas; é dicir, o 8,5 % da súa poboación actual. Esta perda de poboación sería consecuencia, en parte, do menor número de nacementos cada ano. Esta situación é debida non á diminución da fecundidade, que se mantería similar no período ás cifras actuais (arredor de 1,1 fillos por muller), senón á redución do colectivo de mulleres en idade fértil, derivada da diminución da fecundidade que se produciu nas últimas décadas do século XX, anos nos que naceron menos nenas que agora estarían na idade fértil.





Fonte: IGE e INE, *Movemento Natural da Poboación, Cifras poboacionais de referencia, Proxeccións de poboación no curto prazo 2016-2031*


	Ano 2002	Ano 2015	Ano 2030
Nacementos	19.327	19.427	12.490
Taxa bruta natalidade	7,17	7,14	5,02
ISF ou número medio de fillos por muller	0,95	1,10	1,11
Defuncións	28.353	31.688	32.085
Taxa bruta mortalidade	10,50	11,62	12,89
Esperanza de vida:			
Ambos sexos	80,23	82,63	85,33
Homes	76,64	79,53	82,75
Mulleres	83,74	85,64	87,80

Fonte: IGE, *Indicadores demográficos e Proxeccións de poboación no curto prazo 2016-2031*


Ademais, o envellecemento continuaría avanzando no curto prazo. A poboación galega en 2031, segundo estas proxeccións, tería unha idade media próxima aos 51 anos de idade, superior en 4,4 anos á actual, cifrada en 46,5 anos, e o índice de envellecemento, medido como a relación entre a poboación de 65 e máis anos por cada 100 persoas menores de 20 anos, continuaría na liña ascendente que se vén recollendo nos últimos anos.

	01/01/2002	01/01/2016	01/01/2031
Poboación	2.696.818	2.720.102	2.489.946
Idade media	42,9	46,5	51,0
Índice de envellecemento:			
Ambos sexos	119,7	153,7	232,7
Homes	95,9	126,4	197,4
Mulleres	144,7	182,9	270,4


Fonte: IGE, *Cifras poboacionais de referencia, Indicadores demográficos e Proxeccións de poboación no curto prazo 2016-2031*



A esperanza de vida ao nacemento tamén se incrementaría no horizonte da proxección, e chegaría aos 85,3 anos no ano 2030:



A comparación entre a pirámide de poboación galega actual e a prevista para o ano 2031 mostra que, co paso do tempo, se producirá un estreitamento da base e un desprazamento das cohortes máis numerosas cara á parte superior da pirámide, tanto no caso dos homes coma no das mulleres:



Fonte: INE, *Cifras de poboación e Proyecciones de poboación*



### 3. Escenarios alternativos á proxección 2016-2031

Unha forma tradicional de analizar os resultados dunha proxección de poboación é comprobar, co paso do tempo, se as cifras proxectadas nun principio resultan similares ás observadas posteriormente, pero isto require que transcorra o tempo. Outra forma de analizalos, que será a presentada neste documento, pode consistir en modificar lixeiramente as hipóteses de partida, comprobar que resultados poderían obterse e canto difiren eses resultados do proxectado inicialmente. Na presente análise utilizouse a ferramenta elaborada polo IGE denominada *demogal*, un paquete estatístico elaborado na linguaxe R, para comprobar como as modificacións nas hipóteses de partida poden verse reflectidas nas cifras finais proxectadas.

A hipótese inicial das proxeccións actualmente vixentes, que dá lugar ao denominado nesta análise como escenario central, está formulada con respecto aos fenómenos demográficos de fecundidade, mortalidade e movementos migratorios. As modificacións da hipótese darán lugar a posibles novos escenarios, que serán tanto máis realistas canto máis realistas sexan as hipóteses de partida.

No caso da mortalidade, fenómeno moi estable na actualidade (agás catástrofes non previsibles), podería non resultar plausible establecer novas hipóteses ou modificar a actual, que vén dada pola evolución das taxas de mortalidade observadas nos últimos catro anos. Os novos escenarios propostos neste documento procederán de establecer modificacións da hipótese tanto na fecundidade como nas migracións, e manterase a mortalidade sen variacións.

Nesta simulación obterase un escenario alto para a fecundidade, que consistirá en incrementar a fecundidade esperada en Galicia, de forma que no ano 2030 acade a prevista para o total de España nese ano (1,36 fillos por muller) e un escenario baixo para a fecundidade, no que se acadaría unha cifra de 1 fillo por muller no ano 2030, un 10 % inferior ao que se prevé para Galicia ese ano no escenario central.

Por outra parte, proporase un escenario alto para as migracións, no que se incrementa nun 10 % a entrada de inmigrantes prevista para cada ano do período 2016-2030, e un escenario baixo para as migracións, no que se diminúe nun 10 % esa inmigración prevista.

Xa por último, tendo en conta que o normal sería que, de non verificarse as hipóteses de partida, non se vería modificada só unha das variables, senón que podería haber interacción entre elas, establécense dúas hipóteses máis: combinación de incremento de fecundidade e incremento de entradas de inmigrantes ou ben combinación de diminución de fecundidade e diminución de inmigrantes.

Os escenarios que se recollerán neste documento poden resumirse no seguinte cadro:


Fecundidade en 2030:	Saldo migratorio (cada ano do período 2016-2030)		
	Diminución 10 % entradas prevista	Saldo migratorio previsto	Incremento 10 % entradas prevista
1,00 fillos por muller	<i>Escenario baixo</i>	Escenario baixo para a fecundidade	-
1,11 fillos por muller	Escenario baixo para as migracións	<i>Escenario central</i>	Escenario alto para as migracións
1,36 fillos por muller	-	Escenario alto para a fecundidade	<i>Escenario alto</i>

### 3.1 Escenarios que modifican a fecundidade:

O denominado neste documento *escenario central* (é dicir, o resultado das proxeccións actualmente publicadas) proporciona unha fecundidade proxectada para o ano 2030 en Galicia de 1,11 fillos por muller. Propóñense dúas novas hipóteses:

- Aumenta a fecundidade en Galicia, de forma que no ano 2030 o ISF iguale a cifra prevista para España nese ano, que chegaría a 1,36 fillos por muller (*escenario alto para a fecundidade*). Tomouse este valor para o ISF por ser posible acadalo, nun contorno de mellora da fecundidade en Galicia, no caso de que se igualase co do total de España.
- Diminúe a fecundidade en Galicia, que chegaría no ano 2030 a 1,00 fillos por muller (*escenario baixo para a fecundidade*). Este valor correspóndese co valor medio da fecundidade na última década do século XX en Galicia, período no que se registrou a mínima fecundidade na nosa comunidade autónoma.

Con estas hipóteses, a evolución da poboación sería a seguinte:



De incrementarse a fecundidade, de forma que no ano 2030 Galicia igualase a fecundidade prevista actualmente para España nese ano, a cifra total de poboación de Galicia veríase incrementada un 1 % no ano 2031 (con data de referencia do 1 de xaneiro) con respecto á proxectada actualmente, e non se baixaría da cifra dos 2,5 millóns de habitantes, que si que se perdería nas actuais proxeccións. Ademais, suporía un incremento total no período 2016-2030 (anos completos) de 28.516 nacementos con respecto aos previstos actualmente (prevense 222.637 nacementos no período; con esta nova hipótese, serían 251.153 nacementos).

Porén, se no horizonte da proxección se producise unha diminución da fecundidade ata chegar a 1 fillo por muller no ano 2030, a poboación total de Galicia diminuiría en 12.712 persoas con respecto ao proxectado inicialmente e o número total de nacementos no período diminuiría en case 14.000.

Na seguinte táboa, reflíctense os principais resultados<sup>1</sup> que proporcionarían estes escenarios:

	Escenario baixo fecundidade	Escenario central	Escenario alto fecundidade
Poboación 1-xaneiro-2016	2.720.180	2.720.668	2.720.989
Poboación 1-xaneiro-2031	2.477.234	2.489.946	2.515.779
Variación abs. de poboación no período 2016-2031	-242.947	-230.722	-205.211
Variación poboación (%) no período 2016-2031	-8,9%	-8,5%	-7,5%
Idade media no ano 2031	51,18	50,96	50,51
Nacementos no período 2016-2030	208.720	222.637	251.153
Taxa bruta natalidade ano 2016 (‰)	6,63	6,85	7,04
Taxa bruta natalidade ano 2030 (‰)	4,53	5,02	6,07
ISF ou número medio de fillos por muller ano 2030	1,00	1,11	1,36
Defuncións no período 2016-2030	478.975	479.019	479.104
Taxa bruta mortalidade ano 2016 (‰)	11,49	11,49	11,49
Taxa bruta mortalidade ano 2030 (‰)	12,95	12,89	12,76
Esperanza de vida no ano 2030:	85,33	85,33	85,33
Homes	82,75	82,75	82,75
Mulleres	87,80	87,80	87,80
Entrada de migrantes cada ano do período 2016-2030	27.875	27.875	27.875

Polo que respecta á mortalidade, variar soamente a hipótese da fecundidade apenas repercutiría nas taxas, xa que o incremento de fecundidade produciría unha lixeira diminución da taxa de mortalidade, que pasaría das 12,89 defuncións por cada mil habitantes proxectadas inicialmente ás 12,76 defuncións por cada mil habitantes con esta nova hipótese. No caso de diminuír a fecundidade, no ano 2030 acadaríanse as 12,95 defuncións por cada mil habitantes.

<sup>1</sup> No momento de elaborar as proxeccións, aínda non era definitiva a cifra de poboación observada para o 1 de xaneiro de 2016. As proxeccións proporcionaron para esa data unha cifra proxectada (2.720.668 habitantes para Galicia) que non coincide coa cifra posteriormente dada por definitiva como cifra de poboación o 1 de xaneiro de 2016 (2.720.102 habitantes), comentada nos apartados anteriores deste documento. Para establecer as comparacións entre os distintos escenarios, debe utilizarse a cifra proporcionada polas proxeccións; por isto, nesta táboa e nas dos apartados seguintes, aparecerá como cifra de poboación do escenario central a que proporcionaron as proxeccións naquel momento; é dicir, 2.720.668 habitantes.

### 3.2 Escenarios que modifican as migracións:


Na metodoloxía das Proxeccións de poboación no curto prazo 2016-2031, utilízase como hipótese de inmigración anual externa (procedente do resto de comunidades autónomas de España ou procedente do estranxeiro) a cifra que se rexistrou no último ano dispoñible no momento de elaborar as proxeccións; neste caso, a correspondente ao ano 2014, 27.875 persoas. Aínda que o referente é a cifra absoluta de inmigrantes nun ano, tómase como estrutura dese colectivo de poboación inmigrante a estrutura media dos tres últimos anos dispoñibles; neste caso, os anos 2012, 2013 e 2014.

Por tanto, na análise que se presenta neste documento, o escenario central contempla unha entrada de inmigrantes en Galicia (entrada total, que pode proceder tanto do resto de España coma do estranxeiro) constante para cada ano da proxección, de 27.875 persoas.

Propóñense neste documento dúas posibles novas hipóteses:

- c. Aumenta un 10 % a entrada anual de persoas en Galicia con respecto ao proxectado; é dicir, 30.663 inmigrantes cada ano (*escenario alto para a migración*).
- d. Diminúe un 10 % a entrada anual de persoas en Galicia con respecto ao proxectado; é dicir, cada ano entrarían en Galicia 25.088 persoas (*escenario baixo para a migración*).

A posible evolución da poboación segundo estes novos escenarios sería a seguinte:



Na seguinte táboa, aparecen os principais resultados que proporcionarían estes escenarios:

	Escenario baixo migracións	Escenario central	Escenario alto migracións
Poboación 1-xaneiro-2016	2.717.870	2.720.668	2.723.465
Poboación 1-xaneiro-2031	2.448.111	2.489.946	2.531.781
Variación abs. de poboación no período 2016-2031	-269.759	-230.722	-191.684
Variación poboación (%) no período 2016-2031	-9,9%	-8,5%	-7,0%
Idade media no ano 2031	51,13	50,96	50,79
Nacementos no período 2016-2030	219.847	222.637	225.428
Taxa bruta natalidade ano 2016 (‰)	6,84	6,85	6,85
Taxa bruta natalidade ano 2030 (‰)	4,97	5,02	5,06
ISF ou número medio de fillos por muller ano 2030	1,11	1,11	1,11
Defuncións no período 2016-2030	477.444	479.019	480.595
Taxa bruta mortalidade ano 2016 (‰)	11,50	11,49	11,48
Taxa bruta mortalidade ano 2030 (‰)	13,02	12,89	12,75
Esperanza de vida no ano 2030:	85,32	85,33	85,33
Homes	82,74	82,75	82,75
Mulleres	87,79	87,80	87,80
Entrada de migrantes cada ano do período 2016-2030	25.088	27.875	30.663

Ao modificar o volume de inmigrantes tamén poden verse afectadas as variables relativas á fecundidade (non a hipótese sobre fecundidade, medida polo índice sintético de fecundidade, que permanece nestes escenarios no valor de 1,11 fillos por muller) e á mortalidade. Neste caso, o incremento de entradas de persoas desde fóra de Galicia influiría non só na cifra total de poboación, que no ano 2030 se vería incrementada en case 2800 persoas con respecto á proxectada inicialmente, senón que influiría tamén nos demais fenómenos demográficos. É dicir, se se mantén a hipótese de fecundidade igual que a do escenario central, debido á estrutura da poboación inmigrante, maioritariamente constituída por persoas en idade fértil, aumentaría lixeiramente a natalidade en 2030 con respecto á prevista actualmente, xa que pasaría de 5,02 a 5,06 nacementos por cada mil habitantes, e o volume de nacementos no período 2016-2030 incrementaríase en 2791, un 1,25 %.

No que atinxe á mortalidade, incrementaríase o número total de defuncións no período, debido ao aumento da poboación total, pero diminuiría a taxa bruta de mortalidade en 2030, xa que esa poboación inmigrante engadida estaría menos afectada (pola súa idade) ao fenómeno da mortalidade, e pasaríase de 12,89 a 12,75 defuncións por cada mil habitantes.

En cambio, no caso de reducirse a entrada prevista de inmigrantes en Galicia, os efectos no resto de variables serían os contrarios aos anteriores; é dicir, diminuiría a poboación total de Galicia con respecto á proxectada actualmente, diminuiría a taxa bruta de natalidade en 2030 por debaixo dos 5 nacementos por cada mil habitantes e aumentaría a mortalidade ata superar as 13 defuncións por cada mil habitantes.


Polo tanto, pode concluírse que modificar as hipóteses sobre os movementos migratorios producen efectos en todas as compoñentes demográficas.

### 3.3 Escenarios combinados:

Neste apartado inclúense dous escenarios que combinan hipóteses sobre fecundidade e migracións:

- e. O *escenario alto* propón un aumento da fecundidade, ata chegar no ano 2030 a 1,36 fillos por muller e, á vez, supón un incremento do 10 % da entrada de individuos en Galicia cada ano con respecto ao que se proxecta no escenario central.
- f. O *escenario baixo* propón unha diminución da fecundidade, ata chegar no ano 2030 a 1,00 fillos por muller e unha diminución do 10 % da poboación que entra en Galicia cada ano con respecto ao que se supón no escenario central.

A evolución da poboación sería a seguinte:



Na seguinte táboa, aparecen os principais resultados que proporcionarían estes escenarios:

	Escenario baixo	Escenario central	Escenario alto
Poboación 1-xaneiro-2016	2.717.383	2.720.668	2.723.787
Poboación 1-xaneiro-2031	2.435.591	2.489.946	2.558.043
Variación abs. de poboación no período 2016-2031	-281.792	-230.722	-165.744
Variación poboación (%) no período 2016-2031	-10,4%	-8,5%	-6,1%
Idade media no ano 2031	51,35	50,96	50,35
Nacementos no período 2016-2030	206.140	222.637	254.412
Taxa bruta natalidade ano 2016 (‰)	6,63	6,85	7,05
Taxa bruta natalidade ano 2030 (‰)	4,49	5,02	6,13
ISF ou número medio de fillos por muller ano 2030	1,00	1,11	1,36
Defuncións no período 2016-2030	477.400	479.019	480.680
Taxa bruta mortalidade ano 2016 (‰)	11,50	11,49	11,48
Taxa bruta mortalidade ano 2030 (‰)	13,09	12,89	12,62
Esperanza de vida no ano 2030:	85,32	85,33	85,33
Homes	82,74	82,75	82,75
Mulleres	87,79	87,80	87,80
Entrada de migrantes cada ano do período 2016-2030	25.088	27.875	30.663


Neste caso, no que se modifican simultaneamente as hipóteses de fecundidade e migratorias, os efectos na poboación total son máis evidentes. Simplemente con fixarse na variable “idade media”, a comparación entre o escenario baixo e alto cuantifícase nun ano de diferenza no ano 2031.

O denominado escenario alto suporía un incremento na poboación de 2031 de 3119 persoas con respecto ás proxectadas para ese ano no escenario central; este escenario influiría na taxa de natalidade, que pasaría dos 5,02 nacementos por cada mil habitantes aos 6,13 en 2030 e, na taxa de mortalidade, que diminuíría de 12,89 a 12,62 defuncións por cada mil habitantes en 2030. Aínda que este escenario propón hipóteses que incrementarían a fecundidade e o saldo migratorio con respecto aos previstos inicialmente, a cifra prevista de poboación para Galicia en 2031 seguiría sendo inferior á actual.

No caso do escenario baixo, a natalidade caería a cifras arredor de 4,50 nacementos por cada mil habitantes e a mortalidade aumentaría a 13,09 defuncións por cada mil habitantes.

A estrutura comparada dos tres escenarios propostos pode verse na seguinte pirámide. A súa base reflicte as distintas hipóteses de fecundidade establecidas, a lonxitude das barras horizontais mostra a influencia das modificacións nas migracións na poboación da parte central da pirámide e a parte alta da pirámide non sofre apenas modificacións por efecto dos distintos escenarios.

**Galicia. Poboación ano 2031 segundo escenarios**



Fonte: IGE, *Proxeccións de poboación*

#### 4. Conclusións

Os escenarios que se presentan neste documento confirman a perda de poboación que se prevé que se producirá en Galicia nos vindeiros anos, así como o seu progresivo envellecemento, marcado polo estreitamento da base da pirámide con respecto á actual, e pola acumulación de efectivos na parte alta desta.

No suposto máis optimista dos presentados, no que se incrementaría a fecundidade ata acadar en 2030 a prevista para España, e no que se aumentaría nun 10 % a entrada de inmigrantes en Galicia con respecto aos observados en 2014, a cifra de poboación en Galicia non baixaría dos 2,5 millóns de habitantes.

No peor dos escenarios previstos neste documento, no que diminuiría a fecundidade ata acadar a media observada na década dos anos noventa, e no que as entradas de inmigrantes en Galicia diminuiría un 10 % con respecto ás de 2014, a perda de poboación en Galicia no período 2016-2031 cifraríase no 10,4 %, cando o previsto segundo o escenario central estaría no 8,5 %.

Estes escenarios son simplemente posibles modelos de evolución das variables demográficas nos vindeiros anos. Calquera modificación nas hipóteses de partida empregadas implicaría cambios nos resultados obtidos como cifras proxectadas e, por outra parte, calquera modificación que se produza nalgunha das variables demográficas ten repercusión no resto delas (por exemplo, un incremento ou diminución das inmigracións ten repercusión tanto nas taxas de fecundidade coma nas de mortalidade futuras).

#### 5. Fontes estatísticas

IGE. *Proxeccións de poboación.*

[http://www.ige.eu/web/mostrar\\_actividade\\_estadistica.jsp?idioma=gl&codigo=0201001004](http://www.ige.eu/web/mostrar_actividade_estadistica.jsp?idioma=gl&codigo=0201001004)

IGE. *Cifras poboacionais de referencia.*

[http://www.ige.eu/web/mostrar\\_actividade\\_estadistica.jsp?idioma=gl&codigo=0201001006](http://www.ige.eu/web/mostrar_actividade_estadistica.jsp?idioma=gl&codigo=0201001006)

IGE. *Indicadores demográficos.*

[http://www.ige.eu/web/mostrar\\_actividade\\_estadistica.jsp?idioma=gl&codigo=0201004](http://www.ige.eu/web/mostrar_actividade_estadistica.jsp?idioma=gl&codigo=0201004)

INE. *Fenómenos demográficos.*

[http://www.ine.es/dyngs/INEbase/es/categoria.htm?c=Estadistica\\_P&cid=1254735573002](http://www.ine.es/dyngs/INEbase/es/categoria.htm?c=Estadistica_P&cid=1254735573002)